

Rudesindo decía Misa, casulla, cáliz...". En la Capilla de Nosa Señora das Neves se guarda la que se da por alba de San Rosendo. En la Capilla de las Reliquias de la Catedral de Santiago y en el Museo Diocesano de Ourense se encuentran otros objetos que la tradición, sin demasiada base, pone en relación con la vida del milagroso santo.

La Diputación de A Coruña, a partir de la década de los años ochenta, adquiere este monumento histórico e inicia costosas tareas de rehabilitación, que culminan en la actualidad guiadas por los arquitectos Celestino García Braña e Isabel Aguirre. Obras hechas desde una óptica contemporánea y de respeto arqueológico, a fin de rentabilizar su significación patrimonial y natural.



## ESCENARIO DE ROMERÍAS Y FIESTAS POPULARES "COSTRADA" Y REQUESÓN

San Juan, tan relacionado con antiguas leyendas y con los cuatro elementos (agua, tierra, fuego, aire) se celebra aquí de forma especial cada 24 de junio. También el primer fin de semana de septiembre hay romería tradicional alrededor del conjunto. As Neves tiene su fiesta el 5 de agosto y Cabalar el 15 del mismo mes. El 25 de julio en A Capela es tiempo de la concurrida fiesta mayor. Son días especiales, apropiados para compartir la cocina tradicional, los sabores del pasado, la artesanal empanada, de varios pisos, con diferentes productos entre la milhoja de pan, la "Costrada". Es esta a pervivencia de una comida que se pierde en tiempos medievales. Como el requesón que caracteriza la comarca, producto que se celebra en fiesta gastronómica el último domingo de agosto.

Pontedeume tiene sus fiestas mayores alrededor del 7 de noviembre, en honra de la Virgen de las Virtudes, pero también cada 29 de setiembre las de San Nicolás Tolentino, y como villa que mira al mar también celebra a la Virgen del Carmen cada 16 de julio.

### BIBLIOGRAFÍA


CASTRO ÁLVAREZ, Carlos/FERNÁNDEZ de VIANA y VIEITES, José Ignacio/GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa: EL MONASTERIO DE SAN JUAN DE CAAVEIRO. Diputación Provincial de A Coruña 1999

Texto: Felipe Senén  
Fotos: Torrecilla




Diputación  
DA CORUÑA

D.L.: C. 1474 - 2016



## Monasterio SAN XOÁN DE CAAVEIRO

A CAPELA. A Coruña



## SITUACIÓN. AS FRAGAS DO EUME

El Monasterio de San Xoán de Caaveiro se sitúa en el municipio de A Capela, entre la espesura del bosque atlántico de las Fragas do Eume, en las riberas y en una garganta del río que tiene su estuario en Pontedeume. Cima entre los montes de Moncoso y Vilacha, desde el que divisar la interrelación entre el paisaje y los seres humanos, escenario de armonía natural e histórica. Las construcciones del viejo monasterio se levantan sobre un otero y asoman entre la vegetación, creando un ambiente propicio a la fabulación que no fue ajeno al Romanticismo. Espacio acotado, y otrora sacro, al que es necesario subir.

Para llegar a Caaveiro puede hacerse, tanto desde Pontedeume, siguiendo siempre el Eume río arriba, como desde A Capela, caminando por antiguas sendas medievales, frecuentados por los Andrade y sus vasallos, por frailes, feriantes o arrieros, hacia As Pontes de García Rodríguez o Vilalba. Oscuro Monte do Lobo, escenarios de escaramuzas y fugitivos en las luchas fratrificadas de los Trastámara.



## CONTORNO. PONTEDEUME Y A CAPELA

Yendo desde el Concello de A Capela, no puede dejar de verse la capillita de As Neves, guardiana de las que se dice reliquias de San Rosendo, o el Museo Etnográfico de A Capela, en el lugar de O Pazo y desde donde parten los viejos caminos que llevan a Caaveiro como hacia la vieja central hidroeléctrica. Este museo, nacido de la iniciativa popular, alrededor del Colexio Público, ocupa una antigua casa rectoral en la que pueden entenderse aspectos de la cultura labriega, especialmente obras de artesanía y de los viejos oficios.

Otro acceso para llegar a Caaveiro es partiendo desde Pontedeume, villa que nació del portazgo sobre el Eume, control del paso en el llamado "Camiño Inglés" y que recibió privilegios de Alfonso X. Tierra de la poderosa Casa de los Andrade, controlada por su **Castillo**. En Pontedeume y en el siglo XVIII nació el humanista ilustrado que fue arzobispo de Santiago, Raxoi... sobre la villa está el monte **Breamo**, coronado por la curiosa iglesia románica dedicada a San Miguel. Buen observatorio de estos paisajes, igual que,



en la otra banda la **Torre de Andrade**, campando en el alto de Nogueirosa y alrededor de la que hay varias leyendas. Son estos también los caminos que conducen al Monasterio cisterciense de Monfero, lugar de necesaria visita, donde el viajero puede encontrar una verdadera antología del arte gallego.

Las riberas del Eume se prestan para caminarlas y vivir la fuerza de la naturaleza en toda su plenitud. En el **área de recepción de visitantes de la Alameda** ayudarán en informaciones para mejor rentabilizar la visita.

## HISTORIA: DE SAN ROSENDO A LA REHABILITACIÓN

Cuenta la leyenda, más que la historia que fue San Rosendo, quien por el 936 le dio aquí nuevo impulso a un antiguo cenobio. Eran años de amenazas normandas y musulmanas. Desde este lugar se controlaba el paso siguiendo el río, recinto con una capillita sintomáticamente dedicada a San Juan, el que tanto tiene que ver con las aguas y con la cristianización del solsticio de verano, así pues con las viejas leyendas y tradiciones, celebradas en hogueras. Coto que le dio acogida a varios ermitaños que hacían su misión desde cuevas, "o calavario", impulsando las reglas benedictinas que con el "ora et labora", hacían misión rentabilizando las posibilidades de la tierra, del bosque, del ganado, y especialmente del río... Los molinos son prueba.

La tradición popular siempre ha vinculado a San Rosendo con Caaveiro: hidalgo, hijo de Gutierre Menéndez e Ilduara Eiríz, de casta noble de los condes de la Casa de Traba. Su historia aparece mezclada de leyendas y su paso se pone por Caaveiro, donde se cuenta que echa el anillo al río, prometiendo no salir de allí hasta que apareciese...y aparece en un pescado que le sirven en la comida... organizador del monacato que pasa por Mondoñedo, Iria, Compostela y funda el gran convento de Celanova, donde finalmente encuentran reposo sus restos mortales. En el siglo XII Alfonso VII le concede privilegios a este monasterio, a fin de humanizar el territorio, con jurisdicción sobre villas y lugares.

En el siglo XIII pasa a la orden de canónigos regulares de San Agustín, con gran poder en la comarca. Su iglesia tendrá la categoría de Real Colegiata, tendrá abad y seis canónigos. En 1788 se inicia el decaimiento, ordenando el traslado de los frailes a Ferrol, que no se hizo. La muerte del último prior acontece en 1787. Con la Ley de desamortización, en 1836 las tierras pasan al Estado y las ruínas son adquiridas por particulares. Pío García Espinosa, en esta época de profunda sensibilidad historicista romántica se hace dueño del recinto y le encarga guiar las obras al historiador y canónigo compostelano Antonio López Ferreiro. Interpretaciones arquitectónicas que llegan a confundir sobre su origen.

El conxunto arquitectónico profundamente transformado en el transcurso de los años y de las sensibilidades, ofrece hoy restos románicos, fechados en el siglo XII, como los de la iglesia reconstruida en el siglo XIX aprovechando los restos de otro templo inmediato. Del siglo XVIII es la fachada y campanario, que siguen las trazas del barroco "de placas" o compostelano, preconizado por el arquitecto Simón Rodríguez, sumando las referidas y cuestionables remodelaciones de finales de sensibilidad romántica.

Las crónicas de los viajeros se refieren a las reliquias que se veneraron aquí, "ornamentos con los que San



do dicía Misa, casulla,cáliz...”. Na Capela de Nosa Señora das Neves gárdase a que se dá por alba de S.Rosendo. Na Capela das Reliquias da Catedral de Santiago e no Museo Diocesano de Ourense atópanse outros obxectos que a tradición, sen demasiada base, pon en relación coa vida do milagreiro santo.

A Deputación da Coruña, a partir da década dos anos oitenta, adquire este monumento histórico e inicia custosas tarefas de rehabilitación, as que culminan na actualidade guiadas polos arquitectos Celestino García Braña e Isabel Aguirre. Obras feitas dende unha óptica contemporánea e de respecto arqueolóxico, a fin de rendibilizar a súa significación patrimonial e natural.



## ESCENARIO DE ROMARÍAS E FESTAS POPULARES “COSTRADA” E REQUEIXO

San Xoán, tan en relación con antergas lendas e cos catro elementos (auga, terra, lume, aire) celébrase aquí de forma especial cada 24 de xuño. Tamén o primeiro fin de semana de setembro hai romaría tradicional arredor do conxunto. As Neves ten súa festa o 5 de agosto e Cabalar o 15 do mesmo mes. O 25 de xullo na Capela é tempo da concorrida festa maior. Son días especiais, apropiados para compartir a cociña tradicional, os sabores do pasado, a artesanal empanada, de varios pisos, con diferentes produtos entre o follado de pan, a “Costrada”. É esta a pervivencia dun xantar que se perde en tempos medievais. Como o requeixo que caracteriza a bisbarra, produto que se celebra en festa gastronómica o último domingo de agosto.

Pontedeume ten súas festas maiores arredor do 7 de novembro, en honra da Virxe das Virtudes, pero tamén cada 29 de setembro as de San Nicolás Tolentino, e como vila que mira ao mar tamén celebra á Virxe do Carme cada 16 de xullo.

### BIBLIOGRAFÍA


CASTRO ÁLVAREZ, Carlos/FERNÁNDEZ de VIANA y VIEITES, José Ignacio/GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa: EL MONASTERIO DE SAN JUAN DE CAAVEIRO. Deputación Provincial da Coruña 1999

Texto: Felipe Senén  
Fotos: Torrecilla



Deputación  
DA CORUÑA


D.L.: C. 1475-2016



Mosteiro

## SAN XOÁN DE CAAVEIRO

A CAPELA. A Coruña



## SITUACIÓN. AS FRAGAS DO EUME

O Mosteiro de San Xoán de Caaveiro sitúase no Concello da Capela, entre a espesura do bosque atlántico das Fragas do Eume, nas ribeiras e nunha foz do río que ten seu esteiro en Pontedeume. Curuto entre os montes de Moncoso e Vilacha, dende o que enxergar a interrelación entre a paisaxe e os seres humanos, escenario de harmonía natural e histórica. As construcións do vello mosteiro érguense sobre un outeiro e asoman entre a vexetación, creando un ambiente propicio á fabulación que non foi alleo ao Romanticismo. Espazo coutado, e noutro sacro, ao que cómpre subir.


Para chegar a Caaveiro pode facerse, tanto dende Pontedeume, seguindo sempre o Eume río arriba, como dende A Capela, camiñando por antergas sendas medievais, frecuentados polos Andrade e seus vasallos, por frades, feirantes ou arrieiros, cara ás Pontes de García Rodríguez ou a Vilalba. Escuro Monte do Lobo, escenarios de escaramuzas e fuxidos nas loitas fratricidas dos Trastámara.



## CONTORNO. PONTEDEUME E A CAPELA

Indo dende o Concello da Capela, non pode deixar de verse a capeliña das Neves, gardadora das que se di reliquias de San Rosendo, ou Museo Etnográfico da Capela, no lugar do **Pazo** e dende onde parten os vellos camiños que levan a Caaveiro como cara á vella central hidroeléctrica. Este museo, nacido da iniciativa popular, arredor do Colexio Público, ocupa unha antiga casa reitoral na que poden entenderse aspectos da cultura labrega, especialmente obras da artesanía e dos vellos oficios.

Outro acceso para chegar a Caaveiro é partindo dende Pontedeume, vila que naceu do portádego sobre o Eume, control do paso no chamado "Camiño Inglés" e que recibiu privilexios de Alfonso X. Terra da poderosa casa dos Andrade, controlada polo seu **Castelo**. En Pontedeume e no século XVIII naceu o humanista ilustrado que foi arcebispo de Santiago, Raxoi... sobre a vila está o monte **Breamo**, coroado pola curiosa igrexa románica dedicada a San Miguel. Bo observatorio destas paisaxes, igual que, na outra banda a **Torre de Andrade**, campando no alto de



Nogueirosa e arredor da que hai varias lendas. Son estes tamén os camiños que conducen ao Mosteiro cisterciense de Monfero, lugar de necesaria visita, onde o viaxeiro pode atopar unha verdadeira antoloxía da arte galega.

As ribeiras do Eume préstanse para camiñalas e vivir a forza da natureza en toda a súa plenitude. Na **área de recepción de visitantes da Alameda** axudarán en informacións para mellor rendibilizar a visita.

## HISTORIA: DE SAN ROSENDO Á REHABILITACIÓN

Conta a lenda, máis que a historia que foi o San Rosendo, quen polo 936 lle deu aquí novo pulo a un antigo cenobio. Eran anos de ameazas normandas e musulmáns. Dende este lugar controlábase o paso seguindo o río, recinto cunha capeliña sintomaticamente dedicada ao San Xoán, o que tanto ten que ver coas augas e coa cristianización do solsticio do verán, así pois coas vellas lendas e tradicións, celebradas en fogueiras. Couto que lle deu acollida a varios ermitáns que facían súa misión dende covas, "o calavario", impulsando as regras bieitas que co "*ora et labora*", facían misión rendibilizando as posibilidades da terra, do bosque, do gando, e especialmente o río... Os muíños son proba.

A tradición popular sempre vencellou a San Rosendo con Caaveiro: fidalgo, fillo de Gutierre Menéndez e Ilduara Eiríz, de caste nobre dos condes da Casa de Traba. Súa historia aparece mesturada de lendas e seu pasoponse por Caaveiro, onde se conta que bota o anel ao río, prometendo non saír de alí ata que aparecera...e aparece nun peixe que lle serven no xantar... organizador do monacato que pasa por Mondoñedo, Iria, Compostela e funda o grande convento de Celanova, onde finalmente acougan seus restos mortais. No século XII Alfonso VII concédelle privilexios a este mosteiro, fin de humanizar o territorio, con xurisdición sobre vilas e lugares.

No século XIII pasa á orde de cóngos regulares de San Agustín, con gran poder na comarca. Súa igrexa terá a categoría de Real Colexiata, terá abade e seis cóngos. No 1788 iníciase o decaemento, ordenando o traslado dos frades ao Ferrol, o que non se fixo. O pasamento do derradeiro prior acontece no 1787. Coa Lei de desamortización, no 1836 as terras pasan ao Estado e as ruínas son adquiridas por particulares. Pío García Espinosa, nesta época de fonda sensibilidade historicista romántica faise dono do recinto e encárgalle guiar as obras ao historiador e cóngo compostelán Antonio López Ferreiro. Interpretacións arquitectónicas que chegan a confundir sobre a súa orixe.

O conxunto arquitectónico fundamente transformado no decorrer dos anos e das sensibilidades, ofrece hoxe restos románicos, datados no século XII, como os da igrexa reconstruída no século XIX aproveitando os restos doutro templo inmediato. Do século XVIII é a fachada e campanario, os que seguen as trazas do barroco "de placas" ou compostelán, preconizado polo arquitecto Simón Rodríguez, sumando as referidas e cuestionables remodelacións de finais de sensibilidade romántica.

As crónicas dos viaxeiros refírense ás reliquias que se veneraron aquí, "ornamentos cos que San Rudesin-